



**PLAN XERAL  
DE ATENCIÓN  
Á DIVERSIDADE**

**CEIP TARRÍO—CULLEREDO**

# PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (P.X.A.D.)

1	INTRODUCCIÓN.....	4
1.1.	CONCEPTO DE DIVERSIDADE .....	4
1.2.	PRINCIPIOS XERAIS DE ACTUACIÓN .....	5
1.3.	REFERENTES E BASE LEGISLATIVA .....	5
2	XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.....	7
2.1.	CONTEXTO DO CENTRO .....	7
2.2.	FINALIDADE DO PLAN.....	8
3	IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.....	8
4	OBXECTIVOS DO PLAN.....	11
5	DESCRIBIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	12
5.1.	ACTUACIÓNS .....	12
5.2.	MEDIDAS .....	13
5.2.1.	MEDIDAS ORDINARIAS .....	13
	5.2.1.1. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado, recollidas na PXA.....	13
	5.2.1.2. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión. Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.....	14
	5.2.1.3. Desdobramento de grupos.....	15
	5.2.1.4. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.....	16
	5.2.1.5. Programas de enriquecemento curricular.....	16
	5.2.1.6. Programa específico personalizado.....	16
	5.2.1.7. Programas de habilidades sociais.....	16
5.2.2.	MEDIDAS EXTRAORDINARIAS .....	17
	5.2.2.1. Adaptacións curriculares.....	17

5.2.2.2.	Agrupamentos flexibles .....	17
5.2.2.3.	Apoio do profesorado especialista en PT e/ou en AL. ....	18
5.2.2.4.	Flexibilización da duración do período de escolarización.....	18
5.2.2.5.	Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo. ....	19
5.2.2.6.	Grupos de adquisición de linguas. ....	21
5.3.	PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ....	21
5.3.1.	PROGRAMAS DE ACCIÓN TEMPERÁ: .....	21
5.3.2.	PROGRAMAS PREVENTIVOS: .....	22
6	DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.....	25
6.1.	RECURSOS. ....	25
6.2.	CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.....	25
6.2.1.	Criterios para a atención á diversidade xeral e identificación e valoración das necesidades:.....	25
6.2.2.	Detección e valoración de necesidades específicas de apoio educativo .....	26
6.2.3.	Criterios para a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. ....	27
6.2.4.	Prioridades de atención.....	28
6.2.5.	Criterios para a elaboración dos horarios de apoio .....	28
7	CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO. ....	29
7.1.	INTERNOS.....	29
	ACCIÓN TITORIAL.....	29
	PROFESORADO DE APOIO ESPECÍFICO .....	29
	XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN .....	30
7.2.	EXTERNOS .....	30
8	MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS.....	31
8.1.	COLABORACIÓN INTERNA. ....	31
8.2.	COLABORACIÓN CON OUTRAS ETAPAS E CENTROS ADSCRITOS.....	32
9	CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.....	32

9.1.	CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS. ....	32
9.2.	CANLES DE COLABORACIÓN COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO .....	33
10	PROTOCOLO DE SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS .....	33
10.1.	Adaptación Curricular Individualizada (ACI) .....	33
10.2.	Agrupamentos flexibles .....	33
10.3.	Apoio do profesorado especialista en PT e/ou AL .....	34
10.4.	Flexibilización da duración do período de escolarización.....	34
10.5.	Atención educativa ao alumnado que por circunstancias diversas presenta dificultades para a asistencia a un centro educativo. ....	34
10.6.	Grupo de adquisición de linguas.....	34
11	PROCESOS DE SEGUIMENTO AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN .....	35
11.1.	NIVEIS DE AVALIACIÓN.....	35
11.2.	CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....	35
11.3.	PROCESO DE SEGUIMENTO.....	35
11.4.	TEMPORALIZACIÓN .....	36
11.5.	INSTRUMENTOS .....	36
12	ANEXOS.....	37
1.	Necesidades específicas de apoio educativo .....	37
2.	Reforzo educativo: características desta medida ordinaria. ....	37
3.	Documentos que recollen o Reforzo Educativo: .....	37
•	Proposta individualizada de RE: principio de curso.....	37
•	Documento de RE: final de curso .....	37
4.	Programa específico personalizado.....	37
5.	Adaptación curricular: características desta medida extraordinaria. ....	37
6.	Agrupamentos específicos: modelo de planificación .....	37
7.	Protocolo de absentismo.....	37
8.	Protocolo para a detección de necesidades do alumnado. ....	37
9.	Folla de demanda ao Departamento de Orientación.....	37
10.	Avaliación psicopedagóxica e dictame de escolarización .....	37
11.	Protocolo para a elaboración das Adaptacións Curriculares Individualizadas. ....	37

# PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (P.X.A.D.)

## 1 INTRODUCCIÓN.

### 1.1. CONCEPTO DE DIVERSIDADE

A atención á diversidade é un principio fundamental do actual modelo educativo que recolle a **LOE - LOMCE**. Este principio require unha educación integradora que recoñeza a diversidade da poboación escolar.

A diversidade é unha realidade social derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumno e alumna, da singularidade de cada familia e de cada unhas das profesoras e profesores, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade.

Neste contexto, o proxecto do centro asume a diversidade como factor inherente a todo grupo humano e baséase nun modelo de escola integradora, tolerante e inclusiva, na que se recoñece a heteroxeneidade como un factor positivo e enriquecedor no marco da calidade educativa.

O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades e desvantaxes entre o alumnado.

Esta diversidade fai necesario un axuste das intervencións educativas ás necesidades reais do noso alumnado.

Este reto permanente consiste en ser quen de ofrecer a cada alumno a axuda pedagóxica que precise, axustando a intervención educativa á súa individualidade como persoa.

O principio de atención á diversidade entendémolo desde os seguintes plantexamentos:

- As diferenzas individuais no proceso de aprendizaxe constitúen un aspecto da condición humana. A diversidade é, polo tanto, unha característica de todos os alumnos e alumnas e non só duns poucos.
- Todos os alumnos necesitan axudas psicopedagóxicas ao longo da súa escolarización, ben sexan de tipo persoal ou material, co obxecto de conseguir os fins da educación. Polo tanto, o factor que marca as diferenzas será o tipo e o grao de axudas precisas.
- As necesidades educativas dos alumnos preséntanse sempre asociadas ás condicións persoais e particulares froito dunha interacción entre o individuo e o seu entorno físico-social-cultural.

A resposta adecuada á diversidade, desde unha concepción constructivista da aprendizaxe, supón estruturar situación de aprendizaxe variadas e flexibles así como unha diversificación de procedementos e estratexias na práctica da nosa acción educativa.

Desde este enfoque, contéplanse tanto as necesidades transitorias, que poderán ser satisfeitas con axudas temporais, coma outras máis permanentes que esixirán adaptacións máis significativas da proposta curricular e precisarán de medios máis específicos. Entre unhas e outras existen outras situacións que requirirán igualmente unha atención individualizadora das necesidades.

Recóllese no **anexo1** as necesidades específicas de apoio educativo.

## 1.2. PRINCIPIOS XERAIS DE ACTUACIÓN

O **Plan Xeral de Atención á Diversidade**, que formará parte do **Proxecto Educativo de Centro**, será o instrumento que guíe a planificación anual das medidas educativas de atención á diversidade do centro, no marco da **Programación Xeral Anual** e seguindo os seguintes principios xerais de actuación.

1. A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía do centro e participación de toda a comunidade educativa.
2. A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.
3. Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos terase en conta a atención da diversidade.
4. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa.
5. Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
6. A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
7. As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.

## 1.3. REFERENTES E BASE LEGISLATIVA

Este Plan Xeral de Atención á Diversidade forma parte do PEC e trata de ser coherente co resto dos seus elementos. De feito trata de complementar ou concretar liñas de actuación referidas nos seguintes documentos institucionais:

- Plan de Acción Titorial.
- Plan de Acollida.

- Plan de Convivencia.
- Plan de Orientación.

Para a súa elaboración tomouse, ademais, como referencia a seguinte base lexislativa:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (**LOE**) modificada pola **LOMCE** Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. No seu artigo 4 se adopta como principio fundamental da ensinanza básica á diversidade. No artigo 19.1 incide que nesta etapa porase especial énfases na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- **RD 126/2014**, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria, no artigo 5 contéplase o principio de diversidade para garantir o desenvolvemento de todo o alumnado á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.
- **Decreto 330/2009**, do 4 de xuño polo que se establece o currículo da educación infantil.
- **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación.
- **Lei 4/2011** de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- **Instrucións do 31 de xaneiro de 2014** da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa polas que se traslada o protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia

Mentres non se desenvolva o **Decreto 229/2011** tomaranse como referencia, no caso de ser preciso, o recollido en:

- Orde 6 de outubro de 1995, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Orde de 31 de outubro de 1996, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica do alumnado con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral e establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- Orde de 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento de flexibilización da duración do período de escolarización do alumnado con NEE asociados a condicións persoais de sobredotación intelectual.
- Orde de 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Orde de 27 de decembro de 2002 polo que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con NEE.

- Orde de 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Orde de 17 de marzo de 2007, pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado no segundo ciclo de EI, EP, ESO e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos.

## **2 XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.**


### **2.1. CONTEXTO DO CENTRO**

O CEIP de Tarrío, ubicado na zona máis rural do concello de Culleredo, tivo un período de grandes cambios. Cambios tan substanciais que pasaron a formar parte da súa propia personalidade.

Non é posible iniciar esta análise sen facer constar que hai oito anos e, despois de 33 anos de existencia como centro de primaria, escolarizamos alumnado de educación infantil por mor do incremento de matrícula nas zonas máis urbanas do Concello. Este feito, ademais dos consecuentes cambios organizativos e de adecuación de espazos, trouxo consigo o esperado cambio no noso centro: deixar de ser CEP para convertirmos en CEIP.

O noso colexio, ademais, tivo un crecemento exponencial neste período. De feito pasamos de 225 alumnos de E. Primaria no ano 2006 a contar na actualidade con 657 de E. Infantil e Primaria. De feito, o catálogo do centro foi sufrindo ampliacións hasta o actual, que contempla liña 3 en algún nivel e catro noutros, hasta un total de 28 unidades, que serán 30 no próximo curso.

No seguinte gráfico pódese observar a **evolución da matrícula** á que facíamos referencia e que trouxo consigo que todas as aulas se atopen na máxima ratio de alumnado.



Ademais do anterior, tamén ven medrando o alumnado procedente do extranxeiro e hai que sinalar que a incorporación de moitos deles prodúcese despois de terse iniciado o curso, polo que o proceso de matrícula ven sendo permanente.

Estes cambios supuxeron grandes esforzos para unha axeitada acollida do novo alumnado. As novas familias que se incorporan ao centro, que na súa maioría pertencen a outras zonas de escolarización, non teñen o mesmo denominador común que as familias de sempre, todas elas ligadas á vida do centro, que sinten como propio porque nel estudian eles ou alguén da súa familia.



Este foi un gran reto nestes anos: non deixar de ser quen somos incorporando aos novos pais e nais na dinámica deste colexio, co mesmo espírito familiar que nos caracteriza.

Este gran incremento de alumnado trouxo consigo a habilitación de unidades coa conseguinte mobilidade do profesorado que, evidentemente, dificulta a estabilidade e a consolidación do equipo docente.

## 2.2. FINALIDADE DO PLAN

Dada a nosa situación en canto á diversidade existente no centro escolar, planifícase este Plan Xeral de Atención á Diversidade coa seguinte finalidade:

- Servir de referente para concretar o axuste da resposta educativa ás necesidades que presenta o noso alumnado coa adopción de criterios comúns e consensuados a nivel de centro.
- Ser o instrumento que facilite planificar e organizar a atención das necesidades educativas da diversidade do noso alumnado.
- Concretar os criterios para priorizar a resposta educativa á diversidade tanto dentro como fóra da aula.
- Establecer as medidas e pautas a seguir no centro para a atención das necesidades educativas.
- Prever unha planificación que permita introducir cambios diante de novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso.
- Guiar a avaliación interna da eficacia da atención á diversidade ao remate de cada curso e identificar aqueles aspectos que precisen ser mellorados.

## 3 IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

A continuación detallamos algúns dos datos e **indicadores máis relevantes** que consideramos que hai que ter en conta para valorar as nosas necesidades e para xustificar as actuacións que pretendemos para a mellora do éxito escolar a través deste PXAD.

Os parámetros que se derivan das distintas **avaliacións internas** son os seguintes:

- A porcentaxe de **alumnado que promociona sen ter acadados os obxectivos** mínimos do currículo do ciclo correspondente nas áreas instrumentais, tal e como se reflexa na seguinte taboa.

Alumnado que promociona con algunha lingua pendente (%)							
	06/07	07/08	08/09	09/10	10/11	11/12	12/13
1º CICLO	0,00	2,33	0,00	1,96	4,60	2,46	9,90
2º CICLO	7,50	11,11	11,43	6,12	0,00	8,33	3,40
3º CICLO	13,79	12,20	16,28	21,95	15,79	10,00	12,24

Alumnado que promociona con matemáticas pendente (%)							
	06/07	07/08	08/09	09/10	10/11	11/12	12/13
1º CICLO	0,00	2,33	0,00	0,00	1,15	0,00	4,95
2º CICLO	7,50	8,33	8,57	8,16	0,00	4,16	3,40
3º CICLO	10,34	12,20	16,28	21,95	15,79	10,00	8,16

- A porcentaxe de alumnado que non promociona.

Alumnado que non promociona (%)							
	06/07	07/08	08/09	09/10	10/11	11/12	12/13
1º CICLO	16,67	2,33	7,89	19,61	12,64	14,8	6,93
2º CICLO	15,00	8,33	5,71	12,24	8,82	4,16	1,13
3º CICLO	10,34	19,51	6,98	4,88	5,26	4,00	2,04

- A porcentaxe de alumnado con **necesidades específicas de apoio educativo**. Na seguinte táboa recóllese o alumnado que precisará apoio específico no presente curso.

Alumnado con n.e.e. (%)	
Curso 13/14	
INFANTIL	0,75
1º CICLO	6,50
2º CICLO	2,12
3º CICLO	2,57

Outros indicadores que tomamos como referencia son os referidos á **avaliación diagnóstica** realizada nos últimos cursos nos que baseamos o **plan de mellora das competencias básicas** para o próximo curso e que a continuación analizamos.

### COMPETENCIA MATEMÁTICA.Puntuacións xerais

		09-10	10-11	11-12	12-13
Puntuación directa do centro (sobre 20)		9,9	7,9	8,8	12,3
Puntuación transformada (media 500 e Desviación Típica de 100)		508	431	477	509
Grupo ISEC ao que pertence o centro	Nivel	Medio	Medio	Medio baixo	Medio alto
	Media centro	508	431	477	509
	Media ISEC	497	498	493	504
Valoración respecto á media de Galicia		Non relevante	Relevante	Non relevante	Non relevante
Valoración respecto á media do mesmo grupo ISEC		Non relevante	Relevante	Non relevante	Non relevante

**COMPETENCIA LINGÜÍSTICA. Puntuacións xerais**

		09-10	10-11	11-12	12-13
Puntuación directa do centro (sobre 20)		13,0	11,1	11,2	13
Puntuación transformada (media 500 e Desviación Típica de 100)		483	448	459	476
Grupo ISEC ao que pertence o centro	Nivel	Medio	Medio	Medio baixo	Medio alto
	Media centro	483	448	459	476
	Media ISEC	497	499	491	509
Valoración respecto á media de Galicia		Non relevante	Relevante	Relevante	Relevante
Valoración respecto á media do mesmo grupo ISEC		Non relevante	Relevante	Non relevante	relevante

**COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E NA INTERACCIÓN MUNDO FÍSICO. Puntuacións xerais**

		09-10	10-11	11-12	12-13
Puntuación directa do centro (sobre 20)		-	10,7	11,8	13,2
Puntuación transformada (media 500 e Desviación Típica de 100)		-	464	469	509
Grupo ISEC ao que pertence o centro	Nivel	-	Medio	Medio baixo	Medio alto
	Media centro	-	464	469	509
	Media ISEC	-	499	493	507
Valoración respecto á media de Galicia		-	Relevante	Relevante	Non relevante
Valoración respecto á media do mesmo grupo ISEC		-	Relevante	Non relevante	Non relevante

**Incidenca doutras variables**

Para unha correcta avaliación dos resultados, iniciouse, nos distintos equipos de ciclo e na CCP, unha análise, reflexión e debate sobre estas variables:

- Grao de definición e concreción das programacións didácticas.
- Adecuación dos libros e texto e materiais empregados.
- Tempo adicado na aula a traballar especificamente estas competencias.
- Coordinación a nivel de ciclo, interciclos e CCP.
- Metodoloxía empregada na aula para traballar estas competencias.
- Asiduidade e pertinencia das avaliacións internas nos aspectos claves das competencias básicas.
- Pertinencia dos criterios de avaliación e fichas de seguimento de logros.
- Implicación e apoio das familias.
- Excesivo peso dos contidos.

- Falta de familiaridade con este tipo de probas.
- Tempo sistematizado ao traballo da expresión escrita.
- Avaliacións sistemáticas da lectura eficaz sen traballo específico entre elas.
- Valoramos como puntos fortes os seguintes:
  - O noso alumnado disfruta coa literatura (contos, poesías, refráns...)
  - Son moi participativos nas actividades que se lle propoñen.
  - Automatización da numeración e operacións
  - Memorización de conceptos
- Como puntos débiles:
  - Déficit na autonomía do proceso lecto-escritor
  - Escasa eficacia lectora
  - Déficits nos modelos lectores
  - Aplicación práctica dos contidos
  - Falta bo hábito de razoamento lóxico-matemático
  - Falta de lectura comprensiva para saber o que se lles está a pedir.

Ademais destas consideracións xerais, consideramos preciso facer constar que evidenciamos diversidade de intereses, capacidades, ritmos de aprendizaxe, diferentes necesidades de atención e, tamén con necesidades específicas de apoio educativo asociadas a necesidades educativas especiais, altas capacidades intelectuais, alumnado de incorporación tardía ó sistema educativo español, alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe derivadas de condicións persoais e/ou historia escolar.

Tamén temos presente a importancia da prevención e detección temperá, especialmente relevante dadas as idades do alumnado que escolarizamos, e a alta capacidade de evolución/recuperación do alumnado de infantil e primaria.

## **4 OBXECTIVOS DO PLAN.**

- Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Adaptar de forma especial esa resposta educativa ao alumnado con necesidades educativas.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno.
- Coordinar o desenvolvemento de actividades encamiñadas á inserción e promoción do alumnado con características especiais.

- Establecer canles de participación e cooperación entre os distintos profesionais do Equipo educativo que interveñen co alumnado con necesidades educativas.
- Organizar e coordinar os recursos persoais e materiais do centro cara á mellor eficacia das accións deseñadas.
- Favorecer a participación dos pais e nais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos.
- Promover a colaboración e coordinación con profesionais e institucións externas ao centro.

## **5 DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

### **5.1. ACTUACIÓNS**

Todas as actuacións do centro estarán encamiñadas a adecuar a resposta educativa á diversidade.

Correspóndelle ao centro:

- Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.
- Deseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e de cada alumno.
- Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.
- Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
- Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
- Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
- Promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado no proceso educativo.
- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
- Adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, contando, cando cumpra, coa correspondente autorización.

## 5.2. MEDIDAS

As medidas de atención á diversidade son aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas nas concrecións anuais deste plan.

Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

### 5.2.1. MEDIDAS ORDINARIAS

Son aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Dentro destas medidas inclúese:

#### 5.2.1.1. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado, recollidas na PXA.

Os agrupamentos, a confección de grupos e horarios estableceranse de acordo cos principios: normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia.

No que respecta á organización dos **horarios** do centro, quedan recollidos na PXA, salientando algúns como elementos favorecedores da diversidade:

- Non poñer especialidades o luns á 1ª hora para que todos os alumnos sexan recibidos polo seu titor/a ao comezo da semana, salvo excepción.
- Que as titorías de 6º impartan lingua castelá e matemáticas á mesma hora para organizar agrupamentos específicos e/ou reforzos educativos.

Os criterios para os **agrupamentos** do alumnado por titorías que reflicte o tratamento da diversidade son:

- Procurar que ningún neno quede só da gardería/escola/titoría de procedencia.
- Número equilibrado de nenos-nenas.
- Promoción na mesma titoría ata o remate do ciclo.
- Distribución das necesidades educativas detectadas (Departamento de Orientación, información do CRA, xuntas de avaliación...)

No que respecta aos **espazos**, priorizaranse as seguintes actuacións:

- Creación de ambientes acolledores, estimulantes, cómodos e personalizados.

- Organización flexible da aula.
- Facilitación aos diferentes espazos e instalación: biblioteca, ximnasio...

**5.2.1.2. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión. Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.**

No mes de setembro os mestres concretarán as correspondentes programacións didácticas os elementos establecidos segundo a normativa vixente a cada grupo de alumnos en particular, unha vez realizada a avaliación inicial dos diferentes grupos, en:

**Obxectivos e contidos.:**

- Obxectivos didácticos: a distintos ritmos e niveis, prestando atención ó desenvolvemento das diversas capacidades e á adquisición das competencias básicas.
- Precisando cales son os obxectivos e contidos mínimos de cada unidade didáctica, proxecto...
- Seleccionando e priorizando aqueles contidos funcionais para o alumnado para que lle permitan aprender por si mesmo.
- Establecendo secuencias de contidos (adequados aos obxectivos propostos) que aseguren aprendizaxes básicos para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.

**Metodoloxía:**

Como punto de partida é necesario crear un clima positivo de respecto, confianza e esixencia tanto entre o profesorado e o alumnado como entre o alumnado. Para conseguir este propósito, o profesorado poderá establecer diferentes tipos de agrupamentos dentro da aula para atender á diversidade:

- Traballo en pequenos grupos heteroxéneos para favorecer a relación entre o alumnado, a cooperación e a colaboración. A través desta proposta de traballo buscarase aproveitar as habilidades de cada un para o traballo común.
- Favorecer a titorización nalgunhas actividades por un compañeiro/a da aula (aprendizaxe entre iguais).
- Empregar metodoloxías de traballo colaborativo como proxectos.
- Traballo individualizado profesorado/alumnado en momentos determinados que favorecerán a seguridade do alumnado.

- Os contidos presentaranse empregando distintas estratexias, non só os métodos expositivos.
- Empregando diversos espazos e recursos, con materiais variados e diversificados,, para distintos niveis, ritmos e intereses.

### **Actividades.**

- Diversidade de actividades para cada contido.
- Actividades variadas e adaptadas aos distintos ritmos, estilos de aprendizaxe. Desenvolveranse plans de traballo personalizado, para que, aínda traballando os mesmos contidos, non todos os alumnos teñan que facer o mesmo nin co mesmo nivel de dificultade.
- Actividades de reforzo (para todo o grupo como repaso ou para alumnado con dificultades de aprendizaxe)
- De ampliación.

### **Avaliación:**

- Realización dunha avaliación inicial ao comezo do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Selección de técnicas e instrumentos de avaliación múltiples e variados.
- Diversidade nos criterios de cualificación: exames, traballos de aula, comportamento, probas...
- Proporcionar ao alumnado información clara e concisa sobre os criterios de avaliación e de cualificación.
- Avaliaranse os diferentes tipos de contidos, non so conceptuais, en relación ás actividades feitas e con procedementos adecuados.
- Contextualización dos criterios de avaliación e os seus estándares de aprendizaxe adecuándoos aos obxectivos e contidos para cada unidade ou proxecto.

#### **5.2.1.3. Desdoblamento de grupos.**

É unha medida organizativa de atención á diversidade que permite desdobrar un grupo numeroso para prestar unha atención máis individualizada ao alumnado.

Preferentemente realizarase nos grupos onde o número total de alumnado por grupo supere os 20 alumnos/as e o centro conte cos recursos necesarios. Priorizaranse, de ser necesario, nas áreas instrumentais de linguas e matemáticas e nos primeiros cursos.

Tamén se poderán realizar desdoblamentos na área de Lingua Estranxeira.



#### **5.2.1.4. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.**

O reforzo educativo é unha medida dirixida ao alumnado que pode seguir o proceso ordinario de ensino aprendizaxe e que afecta á modificación dos elementos non prescriptivos do curriculum.

As características de esta medida recóllese no **anexo 2**.

A constancia do reforzo educativo e a valoración da súa utilidade para o alumno obxecto de medidas de reforzo realizarase no documento de reforzo proposta individualizada e de remate de curso. Ver **anexo 3**

Con respecto ao apoio ao alumnado con necesidades educativas, sempre e cando haxa profesorado con dispoñibilidade horaria, este poderá realizar tarefas de apoio ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.

#### **5.2.1.5. Programas de enriquecemento curricular.**

Estas medidas baséanse na individualización da ensinanza e consisten en deseñar programas axustados ás características de cada alumno ou alumna, ao tempo que estes se manteñen co seu grupo clase.

Esta medida debe ser establecida como un contínuum que vai desde as medidas máis xerais nos documentos do centro, pasando polas adaptacións da aula (metodoloxía, materiais, agrupamentos...) ata chegar á adaptación curricular individualizada, que está suxeita a unha regulación específica establecida na nosa normativa. Na elaboración destes programas curriculares individuais de alumnado con sobredotación, o máis frecuente é o uso de dous tipos de estratexias:

- As adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical: consisten en aumentar a cantidade de contidos por aprender nunha ou varias áreas.
- A ampliación curricular de enriquecemento horizontal: o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentras que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

#### **5.2.1.6. Programa específico personalizado.**

O alumnado que deba permanecer un ano máis no ciclo, é dicir, o alumnado repetidor, seguirá un programa específico personalizado, orientado á superación das dificultades manifestadas polo profesor titor do curso anterior, no informe de avaliación final e considerando a información obtida no proceso de avaliación inicial.

Este programa específico recollerase segundo o **anexo 4**, que deberá, se é o caso, ir asociado a un programa de reforzo educativo.

#### **5.2.1.7. Programas de habilidades sociais.**

No centro existen programas de habilidades sociais, con independencia da súa implementación conforme ao plan de convivencia do centro e ao plan de acción titorial:

- Para o conxunto do alumnado, con carácter preventivo, e que se recollen no Plan de Acción Titorial e no plan de convivencia:

- Programa de habilidades sociais básicas.
  - Programa de tutoría: ser, convivir e pensar, con actividades para traballar o autoconceito e mellora da autoestima.
  - As nosas normas de aula
  - Traballo en equipo: dous mellor que un
- Para o alumnado no que se observan condutas contrarias á convivencia:
- Protocolo de actuación.
  - Elaboración e aplicación da folla de reflexión para valorar as causas e consecuencias do erro cometido.

### 5.2.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Son aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Considéranse medidas extraordinarias:

#### 5.2.2.1. Adaptacións curriculares

As adaptacións curriculares son as modificacións dun ou de máis elementos prescriptivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades específicas de apoio educativo do alumnado.

As características desta medida extraordinaria recóllese no **anexo 5**.

#### 5.2.2.2. Agrupamentos flexibles

Convén, en determinados casos, establecer agrupamentos específicos transitorios para apoiar o alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe nas áreas instrumentais, nas que requiren unha atención máis individualizada.

Con esta medida preténdese, ademais, incidir na motivación e na mellora da autoestima deste alumnado que dificilmente pode seguir o ritmo de aprendizaxe da aula ordinaria con simples medidas de reforzo educativo.

Medida de carácter temporal e extraordinaria, por precisar autorización da Inspección educativa, coa finalidade de dar resposta ás necesidades de aprendizaxe de carácter esencial nas áreas instrumentais.

O modelo de planificación desta medida recóllese no **anexo 6**.

### **5.2.2.3. Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.**

O profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais, profesorado especialista en audición e linguaxe ou en pedagogía terapéutica, exercerán as súas funcións en todas as etapas educativas que se imparten no centro desenvolvendo, entre outras as seguintes funcións:

- Participar na avaliación inicial do alumnado de nova incorporación e naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con nee.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das ACI, así como das medidas de reforzo, se é o caso, daquelas dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- Prestar docencia directa ao alumnado con nee. Esta atención realizarase preferiblemente no grupo onde está integrado, salvo excepcións xustificadas e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.

As intervencións específicas que sexan precisas por parte do profesorado de PT/AL serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación, en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, co profesorado da materia obxecto de apoio.

A coordinación desas actuacións correspóndelle á xefatura de estudos do centro, e a súa autorización á Dirección do centro.

O protocolo a seguir para establecer estas intervencións específicas recóllese no apartado 6.

### **5.2.2.4. Flexibilización da duración do período de escolarización.**

A duración do período de escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais ou con altas capacidades poderase modificar de xeito excepcional:

- A escolarización en educación infantil poderá, excepcionalmente, aumentarse ou reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función, respectivamente, das necesidades educativas especiais ou das altas capacidades do alumnado. En ningún caso se poderá permanecer en educación infantil máis alá do ano natural en que se cumpran os sete de idade nin comezar a educación primaria antes do ano natural en que se cumpran os cinco anos.
- Cando en educación infantil, se opte pola permanencia dunha nena ou neno con necesidades educativas especiais un ano máis no primeiro ciclo, a súa incorporación ao segundo ciclo realizarase ao primeiro curso dese ciclo, aínda que non se axuste ás condicións de idade requiridas con carácter xeral. Este alumnado poderá optar á reserva de prazas establecida con carácter xeral para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que se escolariza no primeiro curso do segundo ciclo de educación infantil.
- A escolarización en educación primaria poderá, excepcionalmente, aumentarse ou reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral. En ningún caso se poderá permanecer en educación primaria máis alá do ano natural en que se cumpran os quince de idade nin comezar a educación secundaria obrigatoria antes do ano natural en que se cumpran os dez anos.

Para a aplicación desta medida extraordinaria será imprescindible a constatación da aplicación previa doutras medidas das previstas para a atención das necesidades específicas do alumno/a.

As medidas previas no caso de necesidades educativas especiais serán: Reforzo educativo con apoio específico, ACI, permanencia dun ano máis no ciclo...

As medidas previas no caso de altas capacidades: Programa de enriquecemento curricular ou adaptación curricular de ampliación.

### **5.2.2.5. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.**

#### **Atención educativa hospitalaria e domiciliaria.**

Na busca permanente da mellora educativa e do éxito escolar, débese asegurar a permanencia do alumnado no sistema educativo, cando menos, as etapas obrigatorias e adoptar as medidas oportunas para posibilitar a atención educativa ao alumnado que, por razóns de saúde ou por decisión xudicial, non poida asistir con regularidade a un centro educativo. Atención educativa hospitalaria e domiciliaria.

Ten por finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que, por prescripción facultativa, por enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado no tempo.

Será destinatario da atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

- Longa hospitalización: máis de trinta días.
- Media hospitalización: entre quince e trinta días.
- Curta hospitalización: menos de quince días.

O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

Será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.

A autorización da atención educativa domiciliaria correspóndelle á Administración educativa, de acordo co procedemento que se estableza.

A consellería con competencias en materia de educación determinará os recursos específicos que garantan a continuidade do proceso educativo do alumnado que precise atención educativa hospitalaria ou domiciliaria, así como os criterios e procedementos para a súa atención e a coordinación interprofesional.

### **Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.**

A escolarización do alumnado menor de idade a quen, por decisión xudicial, se lle impoñan medidas que afectan a súa escolarización realizarase de acordo co establecido no artigo 7 da **Lei orgánica 5/2000**, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. En todo caso, respectarase o dereito á educación do alumnado en idade de escolarización obrigatoria.

### **Alumnado sometido a medidas de protección e tutela.**

A consellería con competencias en materia de educación desenvolverá accións de carácter compensatorio destinadas ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela, asegurando o seu acceso e permanencia no sistema educativo. Na súa atención, propiciará a subscrición de convenios de colaboración e protocolos de actuación con outras administracións ou entidades sen ánimo de lucro, co fin de garantir o cumprimento destas medidas.

A escolarización do alumnado sometido a medidas de protección e tutela realizarase de conformidade co procedemento establecido con carácter xeral; este alumnado será considerado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar. Os centros docentes deben adoptar as medidas de atención á diversidade que procedan, para asegurar o seu proceso educativo.

A consellería con competencias en materia de educación garantiralle ao alumnado asignado a familias acolledoras unha praza escolar no centro educativo en que se escolarice outro alumnado dependente desas mesmas familias, fillas ou fillos ou outro alumnado acollido, sempre que no centro se impartan as ensinanzas que lle corresponde cursar.

Cando as medidas de protección e tutela supoñan un cambio de centro escolar, a súa tramitación e resolución levarase a cabo con carácter urxente.

### **Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.**

A consellería con competencias en materia de educación asegurará, dentro do seu ámbito competencial e de acordo co establecido no artigo 17 da **Lei 11/2007**, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a escolarización inmediata do alumnado que se vexa afectado por cambios de centro derivados de situacións de violencia de xénero. Así mesmo, os centros educativos prestarán atención especial á inclusión e normalización do dito alumnado.

Nos casos en que sexa necesario un cambio de centro por motivos de violencia ou acoso escolar, garantirase a escolarización inmediata do alumnado afectado.

### **Alumnado pertencente a familias itinerantes.**

Será destinatario desta atención aquel alumnado que, por razóns de itinerancia da súa familia, non poida asistir ao mesmo centro educativo de xeito continuado.

A consellería con competencias en materia de educación facilitará a escolarización deste alumnado nos centros do contorno onde itine a súa familia ou representantes legais, nas condicións establecidas con carácter xeral para todo o alumnado e coas medidas de atención á diversidade que procedan, co fin de garantir a continuidade do seu proceso de aprendizaxe. O cambio, por razóns de itinerancia, dun centro educativo ao outro realizarase segundo o establecido para os traslados de centro, polo que o centro de orixe deberá facilitar ao centro de destino, logo de petición deste, a información pertinente.

### 5.2.2.6. Grupos de adquisición de linguas.

Os grupos de adquisición de linguas son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó grupo no que se atope escolarizado. Polo tanto, esta medida estará dirixida ao alumnado que descoñeza ámbalas dúas linguas oficiais de Galicia.

Tomando como referencia a lexislación vixente e o noso Plan de Acollida do alumnado estranxeiro unha primeira medida será a aprendizaxe por inmersión lingüística e unha atención normalizada en EI e 1º ciclo de primaria, podendo excepcionalmente establecerse grupos flexibles cando exista un grupo de alumnado suficiente.

Esta atención será levada a cabo por profesorado do centro con dispoñibilidade horaria e o profesorado de apoio.

O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición será de 5 períodos lectivos no último curso de EI, 10 no 1º ciclo, e 20 no 2º e 3º ciclos (respectando a permanencia no seu grupo ordinario de referencia nas materias de educación física e educación artística, cando menos. Así mesmo é recomendable a súa presenza nos tempos de rutinas, instrución, actividades colectivas...

O alumnado poderá formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun trimestre, se ben a inspección educativa poderá autorizar a ampliación excepcional dese período.

Unha vez adquirida a competencia lingüística imprescindible, determinarase, a necesidade de reforzo educativo e o tipo de apoio preciso para que o alumnado acade os obxectivos mínimos previstos.

## 5.3. PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As medidas preventivas e os programas institucionais do centro que desenvolven o currículo van dirixidas a todo o alumnado do centro e son de obrigado cumprimento polo claustro.

As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario no centro, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumno/a.

### 5.3.1. PROGRAMAS DE ACCIÓN TEMPERÁ:

A identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e a resposta educativa procedente constitúen procesos necesarios para adecuar as medidas e recursos educativos á diversidade.

#### ▪ **Avaliación inicial**

A avaliación inicial constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, en xeral, e na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular.

O titor fará unha avaliación inicial no mes de setembro que será a guía para a adecuación da súa programación, mediante probas elaboradas ao efecto segundo os criterios de promoción que medirán a **competencia curricular** do alumnado. O seu obxectivo é:

- Deducir necesidades do grupo e de cada alumno.

- Establecer prioridades de traballo.
- Adoptar outro tipo de medidas para unha mellor atención das necesidades detectadas.

Os **procesos básicos da aprendizaxe** poderán ser avaliados no 1º trimestre pola Orientadora do centro para valorar, detectar e/ou facer seguimento de necesidades específicas de apoio educativo mediante probas estandarizadas.

Para a detección de necesidades específicas do alumnado de nova incorporación, o Departamento de Orientación proporcionará cuestionarios de cribaxe e de avaliación inicial para ser cubertos tanto polo profesorado titor como polas familias.

- **Detección e perda auditiva en 4 anos.**

Este programa de detección da perda auditiva está destinado ao alumnado de 4 anos.

Os seus obxectivos son:

- Detectar o alumnado que non ten unha boa audición.
- Asesoramento as familias que teñan un/ha fillo/a con posible perda auditiva.
- Promover o principio de prevención de necesidades educativas.

A súa aplicación seguirá os seguintes pasos:

- Proporcionarase un cuestionario ó/a titor/a, que cubrirá coas características do alumnado relativas á audición. Este cuestionario devolverase ao Departamento de Orientación, o cal se observará se un número elevado de items (mais de 5) significativos se cumpren para realizar unha intervención individualizada.
- Aquel alumnado que non pase esta primeira fase, será avaliado no departamento de orientación cunha serie de probas mais específicas.
- Se se detecta algunha posible perda auditiva por parte do alumno/a, suxíreselle a familia a necesidade de que o neno/a sexa revisado polo profesional médico cualificado (pediatra/otorrino).
- Se o especialista confirma a perda auditiva promoverase dende a escola a intervención educativa que sexa precisa, cos recursos dos que dispoñemos, en colaboración cos servizos de saúde de referencia e do E.O.E.

### **5.3.2. PROGRAMAS PREVENTIVOS:**

- **Programa de estimulación da linguaxe oral:**

- Favorecer o desenvolvemento normal do alumnado e paliar moitas das necesidades reais e potenciais.
- No centro: aos alumnos de 3, 4 e 5 anos e 1º por parte das titoras.

- **Programa de aprender a estudar (5º e 6º):**
  - Aplicación do caderno específico con cuestionarios e fichas prácticas.
  - Uso da axenda para a planificación do estudo.
- **Habilidades instrumentais básicas:**
  - Programa de cálculo mental
  - Proxecto de activación da intelixencia
- **Habilidades de expresión e comprensión:**
  - Proxecto lector
  - Programa de lectura e escritura
  - Aplicación dos materiais elaborados polo centro: lectura, escritura e oral.
- **Programa de Acción Titorial**
  - Senta as bases para o desenvolvemento de actuacións á diversidade. Nel establécense os obxectivos e actividades dirixidos a conseguir unha educación individualizada.
- **Programa de habilidades sociais para mellora da convivencia.**
  - Aplicación do PAT seguindo a súa planificación anual.
  - Xunta de Delegados e comisións de alumnos para tarefas específicas de responsabilidade.
- **Plan de Acollida, que recolle:**
  - Plan de adaptación de 3 anos e alumnado de 1º procedente do CRA.
  - Actuacións de acollida de alumnado novo, familias e profesorado.
  - Plan de acollida do alumnado procedente do estranxeiro.
- **Plan TICs**

O aumento de motivación e adaptación do aprendizaxe ao ritmo de coñecementos do alumnado son dúas vantaxes básicas que aporta o uso do ordenador nos procesos de ensino-aprendizaxe e, polo tanto as TIC son ferramentas idóneas para a atención á diversidade.

A presenza no noso centro de alumnos con NEE fai necesario que este plan considere, ademais, a este tipo de alumnado e trate de dar resposta ás súas necesidades educativas apostando por unha ensinanza integradora e inclusiva.

As novas tecnoloxías son fundamentais con este tipo de alumnos xa que é relativamente fácil traballar co alumnado ao ritmo e nivel que precisen, mellorando polo tanto a súa atención no centro.



Neste momento xa contamos cun equipo informático para uso específico do alumnado con NEE e estanse a realizar con eles actividades de reforzo educativo individualizado aínda que o seu software debера ampliarse.

Temos previsto incrementar a dotación de programas educativos axeitados aos distintos niveis do alumnado e elaborar fichas-guía dos programas e actividades coas que contamos reflectindo contidos e niveis recomendados para facilitar o seu manexo por todo o profesorado na atención á diversidade.

Pretendemos usar as TIC como un medio máis de integración e inclusión.

- **Promoción da escolarización**

Na busca permanente da mellora educativa e do éxito escolar, a consellería con competencias en materia de educación debe asegurar a permanencia do alumnado no sistema educativo durante, cando menos, as etapas obrigatorias.

Corresponde a este centro establecer así o control e rexistro das incidencias na asistencia do alumnado aos centros escolares, a información ás nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e intervención ante a detección de casos e, se procede, o traslado da información á Inspección Educativa por parte da dirección do centro. Para iso existe un protocolo de intervención, como instrumento educativo que describe, especifica e contén o conxunto de actuacións coordinadas que se activan cando se produce un caso de absentismo escolar, coa finalidade de garantir a asistencia do alumnado ao centro.

O protocolo deste centro (segundo as instrucións do 31 de xaneiro de 2014 da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa polas que se traslada o protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia) figura no **anexo 7** e recolle as seguintes actuacións:

- Control e rexistro das incidencias na asistencia do alumnado aos centros escolares.
- Información ás nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e intervención ante a detección de casos.
- Traslado da información a Inspección Educativa por parte da dirección do centro.

- **Medidas preventivas en relación coa promoción da asistencia a clase do alumnado e co seu éxito escolar:**

- Desenvolver nas aulas metodoloxías promotoras da inclusión, dentro dos principios de colaboración entre os distintos profesionais.
- Facer uso da axenda escolar ou da comunicación persoal coas familias para ter un contacto fluído con elas e para a comunicación inmediata das posibles incidencias.
- Facilitar a presenza das familias no propio centro (plan de acción tutorial).
- Actuacións específicas para o alumnado e as familias de nova incorporación (plan de acollida)

Estas medidas preventivas serán levadas a cabo polos titor@s e profesor@s de área.

## **6 DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.**

### **6.1. RECURSOS.**

#### **Recursos materiais:**

Todos os espazos e materiais do centro poderán ser empregados para o desenvolvemento deste Plan.

#### **Materiais didácticos:**

- Xogos manipulativos: cóntase cun inventario informatizado, a disposición do profesorado para o emprego dos mesmos.
- Materiais de consulta para o profesorado, dispoñible no DO
- Biblioteca de pais e nais, dispoñible no DO
- Material complementario dispoñible nos ciclos e no Departamento de Orientación.

#### **Documentos informativos específicos da atención á diversidade:**

- Caderno de pais e nais para informar sobre necesidades específicas de atención educativa.
- Caderno de profes.
- Caderno de nenos.

No seguimento e avaliación do Plan farase proposta de adquisición de materiais específicos necesarios para o seu desenvolvemento.

#### **Recursos persoais:**

Todo o profesorado do centro poderá ser empregado para o desenvolvemento deste Plan.

O catálogo do centro conta, ademais, con dúas especialistas en Pedagogía Terapéutica e unha de Audición e Linguaxe, con independencia da solicitude anual de incremento deste profesorado polo número de necesidades a atender.

### **6.2. CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS**

#### **6.2.1. Criterios para a atención á diversidade xeral e identificación e valoración das necesidades:**

- Poñer ao alcance do alumnado os recursos e medios necesarios para responder ás súas necesidades educativas, especialmente cando manifesten necesidades educativas especiais.

- Respetar o seguinte modelo de resposta educativa:
  - Valoración e identificación das necesidades educativas
  - Planificación da súa atención
  - Desenvolvemento e seguimento
  - Avaliación centrada no currículo referido ao alumno, ao contexto e ao propio proceso
- Garantir o máximo grao de integración ao alumnado con necesidades educativas especiais en base á proposta curricular segundo as súas posibilidades.
- Establecer a modalidade de adaptación a partir da análise das necesidades educativas que presente o alumnado.
- Seguir unha orde de adaptación dos distintos elementos curriculares: recursos persoais e materiais, avaliación, metodoloxía, actividades, temporalización, obxectivos e contidos.

### **6.2.2. Detección e valoración de necesidades específicas de apoio educativo**

O protocolo a seguir recóllese no **anexo 8**, que segue o seguinte plan de actuación:

- O titor/a e/ou profesor/a de área, no desenvolvemento das diversas accións que implica a avaliación continua, detecta necesidades educativas (atraso, alteracións, dificultades, problemas...) nalgún ámbito de desenvolvemento nun alumno determinado.
- Recompila información: avaliación inicial, observación de informes, traballos...
- Intercambia información coa familia.
- Aplica as medidas ordinarias dentro da aula: con carácter xeral, o profesorado deberá acomodar o proceso de aprendizaxe ás condicións particulares de cada alumno, tendo en conta que a principal vía de atención realízase no marco da aula ordinaria.
- Se o logra, pecha o ciclo de detección.
- Se non o logra, é dicir, cando o titor/a considera esgotadas as medidas ordinarias cumprimentará a folia de demanda para que interveña o Departamento de Orientación, que se recolle como **anexo 9**.
- Concretada a demanda realízase a avaliación pertinente para establecer a intervención máis axeitada á necesidade detectada:
  1. Obter información do profesorado/familia/outros relativa ao funcionamento do alumno.
  2. Administrar as probas e/ou cuestionarios que se consideren.
  3. Recoller datos da observación directa ou indirecta.
  4. Determinar a necesidade específica atopada proporcionando as orientacións pertinentes.

5. Elaborar, se é o caso, *proposta individualizada de reforzo educativo* onde se concretará o plan de traballo a seguir e o tipo de apoio preciso, en coordinación co profesorado implicado (**anexo 3**).

6. Avaliar o progreso do alumno e a eficacia das medidas adoptadas.

- No caso de que as medidas anteriores non fosen suficientes, realizarase a oportuna *avaliación psicopedagóxica* seguida da toma de decisións consecuenta. **Anexo 10**.
- O titor/a manterá puntualmente informadas ás familias, tanto da intervención do Departamento de Orientación como das medidas a adoptar e do seu progreso.

A partir das necesidades detectadas, principalmente a principio de curso, cos datos achegados nas avaliacións finais, o Departamento de Orientación realizará unha proposta coas medidas de reforzo ou de atención específica para as necesidades detectadas.

Todas as medidas terán un carácter flexible e farase seguimento do seu desenvolvemento e informarase á familia do alumno/a por parte do titor/a, coa colaboración do Departamento de Orientación.

### **6.2.3. Criterios para a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.**

As intervencións específicas que sexan precisas por parte do profesorado especialista de pedagogía terapéutica ou de audición e linguaxe serán propostas e deseñadas polo Departamento de Orientación en colaboración co titor/a do grupo ao que pertence o alumno/a.

Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto co resto do alumnado dese grupo, salvo casos excepcionais debidamente previstos e xustificados e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar. Criterios de atención específica:

- Apoio en Aula ordinaria sempre que sexa posible, tratando de que incida o menor número posible de profesores no grupo clase.
- Aula de Apoio (fóra da Aula ordinaria) nos seguintes casos:
  - Alumnos que precisan atención logopédica: atención específica na Aula de Audición e Linguaxe, procurando que as sesións sexan curtas (1/2h) salvo casos de nee permanentes.
  - Alumnos que contan con ACI ou ós que previamente se lle teñen aplicado medidas de atención ordinaria e que o seu atraso escolar lle impida o seguimento adaptado da clase.
  - Alumnos, que despois da correspondente avaliación inicial, ós que se detectan problemas de aprendizaxe que precisan un apoio específico de xeito individualizado.
  - Alumnos con problemas conductuais que poden precisar en momentos puntuais 'tempo fora'
- As intervencións específicas serán realizadas prioritariamente polo profesorado de apoio (especialistas en PT e AL) e polo resto de profesorado con dispoñibilidade horaria, tratando de que incida o menor número posible de profesores no grupo clase.

#### **6.2.4. Prioridades de atención**

Con carácter xeral, aplicaranse as seguintes prioridades para a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo:

- Alumnos con necesidades detectadas nos pasados cursos seguindo as indicacións dos informes cos que contamos.
- Alumnos con ACIs
- Alumnos con atraso escolar ós que previamente se lle teñen aplicado medidas de atención ordinarias (repetición, promoción por idade, RE por parte do titor...)
- Alumnos con necesidades educativas transitorias nas áreas instrumentais.
- Atención temperá con apoio preventivo nos primeiros cursos: programa de estimulación da linguaxe oral e apoio en aula.

No caso do alumnos con problemas de articulación as prioridades serán as seguintes:

- En Educación Infantil priorizaranse os alumnos de maior idade.
- En Educación Primaria deberán priorizarse os cursos baixos para unha resolución máis inmediata da súa problemática, salvo que exista alumnado de maior idade con problemas de articulación sen resolver.

#### **6.2.5. Criterios para a elaboración dos horarios de apoio**

- Para o establecemento dos apoios en aula teranse en conta os momentos do horario do grupo nos que se imparte a materia obxecto de dificultade.
- Nos casos de alumnos que reciben o apoio fóra da aula ordinaria buscarase a coincidencia horaria da materia a reforzar: agrupamentos, apoio ás ACI...
- No caso dos alumnos que precisan atención individualizada fóra da aula, respectaranse as distintas especialidades (salvo casos excepcionais) e materias nos que poden levar o ritmo da súa aula (plástica, EF... ).
- Unha vez establecidos os horarios de apoio, o profesor titor deberá adecuar o horario da aula para que o alumno non perda materias diferentes ás que son obxecto do reforzo.
- No caso dos alumnos que poden precisar unha actuación inmediata con atención puntual por problemas condutuais (tempo fora) débese aplicar o horario do centro correspondente á dispoñibilidade horaria do profesorado.

## **7 CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.**

### **7.1. INTERNOS**

#### **ACCIÓN TITORIAL**

- Realizar a avaliación inicial a comezos de cada curso, coa finalidade de adecuar as ensinanzas a cada materia ás características do alumnado.
- Levar a cabo os programas de detección e programas preventivos desenvolto neste Plan.
- Facer un seguimento xeral dos procesos de ensino-aprendizaxe para detectar as dificultades e as necesidades educativas coa finalidade de artellar respostas educativas coherentes e, demandar, no seu caso, os oportunos asesoramentos, reforzos e apoios.
- Coordinar co DO a intervención educativa do alumnado que presenten necesidades específicas de apoio educativo.
- Coordinar co demais profesorado do grupo o axuste dos programas, especialmente no referente ás respostas educativas ante as necesidades máis específicas de reforzo e apoio.
- Promover un contexto de colaboración coa familia, intercambiando información relevante que afecte á educación dos seus fillos e fillas.
- Poñer en práctica as demais actuacións que recolle o Plan de Acción Titorial coa colaboración do Departamento de Orientación e coa coordinación da Xefatura de Estudos como medida que axuda á personalización e individualización do proceso de ensino-aprendizaxe en cada alumno.

#### **PROFESORADO DE APOIO ESPECÍFICO**

- Colaborar, xunto coa xefa do departamento de orientación e o titor/a, na organización da atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Prestarlle atención docente directa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Axudar ao profesorado na identificación de posibles necesidades educativas do seu grupo.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade.
- Participar na elaboración de material para traballar co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

- Participar, de ser necesario, co titor nas reunións coas familias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, aínda que preferentemente a súa intervención coas familias será indirecta, xa que sempre se canalizarán a través do titor correspondente.

## **XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

É a última responsable da avaliación psicopedagóxica e da toma de decisións que se leven a cabo. Unha vez se poña en marcha a medida de atención á diversidade decidida, que preferiblemente debe ser consensuada co Equipo Docente, o seu papel será, especialmente, o de coordinar todo o proceso e a todos os implicados.

De maneira máis específica sinalamos:

- Coordinar a planificación e desenvolvemento das actividades de orientación a través do Plan de Acción Titorial e do Plan de Orientación.
- Asesorar á CCP proporcionando criterios psicopedagóxicos e de atención á diversidade.
- Colaborar na prevención e detección de problemas de aprendizaxe.
- Participar na planificación e desenvolvemento das medidas específicas co alumnado que o precise.
- Establecer a proposta de organización de atención ao alumnado por parte do profesorado especialista.
- Colaborar cos titores na toma de decisións de promoción final de ciclo e/ou etapa.
- Coordinar a avaliación psicopedagóxica do alumnado que o precise, realizando os informes pertinentes.
- Solicitar a intervención do Equipo de Orientación específico cando sexa preciso.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Manter comunicación e colaboración cos servizos externos que actúen sobre o alumnado do centro para realizar a coordinación e seguimento das distintas actuacións.

## **EQUIPO DIRECTIVO**

- Dispoñer e por en marcha as medidas de atención á diversidade adecuadas ás necesidades detectadas e aos recursos dispoñibles..
- Coordinar todas as actuación previstas, xunto co resto do profesorado, tendo en conta o establecido na proposta de concreción anual do plan xeral de atención á diversidade.
- Velar polo cumprimento de todas as actuacións establecidas neste Plan.

## **7.2. EXTERNOS**

Nos casos en que, por propia decisión das nais, pais e titores legais e/ou derivación do DO, o alumnado estea atendido por profesionais externos ao centro, estableceranse os contactos necesarios para intercambiar información relevante e buscar vieiros de comunicación coa

finalidade de fixar estratexias de actuación conxuntas que redunden na mellora da resposta educativa do alumnado.

A responsable de manter estes contactos será a xefa do Departamento de Orientación.

O profesorado deberá comunicar coa máxima inmediatez á orientadora todos os datos que afecten ao seu alumnado (atención externa, cambios na medicación, visitas neuropediátricas...) para poder coordinar a súa atención.

## **8 MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS.**

### **8.1. COLABORACIÓN INTERNA.**

O éxito do proceso de atención á diversidade pasa ineludiblemente polo traballo coordinado e colaborativo de todos os implicados. De aí que na aplicación de calquera medida resulta imprescindible realizar un deseño global cun traballo común e coordinado de todo o Equipo educativo esgotando en primeiro lugar as posibilidades dun determinado nivel antes de pasar ao nivel seguinte, así como esgotar as medidas ordinarias antes de pasar ás extraordinarias.

O modelo de coordinación e colaboración interna cobra sentido nas seguintes actuacións:

- Equipo Docente. O Equipo de profesores que imparten docencia a un alumno con necesidades educativas manterán reunións coordinadas polo titor/a correspondente e coa colaboración do Departamento de Orientación para: Ter criterios comúns de actuación, analizar as necesidades educativas do alumno, ou do grupo se procede e poñer en común as distintas informacións.
- Reunións dos órganos de coordinación docente (CCP, ciclos, niveis e equipos): establecer criterios común de actuación e introducir acordos e prioridades nas distintas programacións.
- Xuntas de avaliación: valorar o progreso de cada alumno e establecer as medidas a adoptar e/ou a eficacia das xa adoptadas, avaliar a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás necesidades do alumnado...
- Reunións do profesorado.
- Reunións e contacto fluído dos titores coa orientadora.
- Reunións do Departamento de Orientación.
- Reunións dos órganos de goberno.
- Reunións interciclos e interetapas.



## **8.2. COLABORACIÓN CON OUTRAS ETAPAS E CENTROS ADSCRITOS.**

- Contacto continuo da dirección do centro cos centros adscritos (CRA de Culleredo e IES Blanco Amor) facilita o fluxo de información: admisión alumnado, matrícula...
- Reunións periódicas dos Departamentos de Orientación (Centro e IES).
- Programa de transición á ESO:
  - Organización das Xornadas de Portas Abertas para o alumnado de 6º de primaria, coa finalidade de que coñezan o novo centro.
  - Charlas e folletos informativos, dirixidas ó alumnado de 6º de primaria e ás súas familias, sobre os cambios académicos que supón a introdución na ESO.
- Programa de acollida para o alumnado do CRA.

## **9 CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.**

### **9.1. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS.**

As familias recibirán información e serán oídas en todas aquelas decisións que se tomen respecto a medidas a poñer en marcha para a mellora das aprendizaxes dos seus fillos e fillas calquera que sexan.

- No momento da matrícula ou incorporación entregaráselles documentación relativa ao funcionamento do centro e os servizos que ofrece: Departamento de Orientación, profesorado de apoio, programas e proxectos do centro...
- Reunións ó longo do curso: reunión inicial, contacto na hora de atención a pais, axenda escolar, charlas informativas co tránsito de primaria a ESO, reunións puntuais coa orientadora por demanda das familias.
- Cando se vaia a aplicar unha medida de intervención con apoio específico, o titor/a correspondente comunica esta situación á familia, preferiblemente de xeito persoal, para informarlles do motivo, funcionamento (horario, materiais...) e xeito de colaborar.
- Información do proceso ao remate de cada avaliación a través dos boletíns trimestrais.
- Reunións individuais para tratar temas relacionados cos seus fillos cando sexa necesario co titor/a e/ou orientadora.
- Colaborarán ademais:
  - No proceso de avaliación inicial.
  - Nas posibles avaliacións psicopedagóxicas.

## 9.2. CANLES DE COLABORACIÓN COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

Desde a xefatura do Departamento de Orientación promoverase a colaboración entre as distintos servizos externos (servizos sociais, servizos de saúde...) que atendan a un alumno /a do colexio.

Resáltanse os seguintes aspectos:

- Da intervención colaborativa cos Servizos Sociais do concello destácase o contacto periódico xa que a través deles o centro conecta coas problemáticas individuais do alumnado, controla a súa asistencia, establece pautas de intervención conxuntas, etc.
- A colaboración cos Servizos Sanitarios levase a cabo a petición das familias, para facilitar que o intercambio de información favoreza a intervención máis axeitada ás necesidades do alumno/a.
- Asesoramento e colaboración con Asociacións que traballan con alumnado con necesidades educativas.
- Colaboración do Departamento de Orientación co EOE de A Coruña.
- Colaboración nas demandas do Servizo de Asesoría de Orientación da Consellería de Educación (ex. Drdorienta)
- Colaboración do Departamento de Orientación co Servizo de Inspección Educativa, facilitando a información que este demanda e realizando aquelas outras tarefas asignadas ás funcións da xefatura de departamento.

## 10 PROTOCOLO DE SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Mentres non se desenvolva o **Decreto 229/2011** tomaranse como referencia, no caso de ser preciso, o recollido na normativa precedente, recollida no apartado **1.3** deste Plan.

### 10.1. Adaptación Curricular Individualizada (ACI)

Tanto as características desta medida como o protocolo para a súa elaboración, recóllense no **anexo 5** e no **anexo 11**.

### 10.2. Agrupamentos flexibles

O protocolo a seguir recóllese no **anexo 6**.

### **10.3. Apoio do profesorado especialista en PT e/ou AL**

- 1 Solicitude do apoio por parte do profesorado indicando o motivo a través dun informe. Ver **anexo 9**.
- 2 Proposta individualizada de reforzo educativo elaborada polo Departamento de Orientación, nos casos en que proceda.
- 3 Información á familia a través do titor ou titora.
- 4 Información á Xefatura de Estudos.
- 5 Autorización da Dirección do centro.

### **10.4. Flexibilización da duración do período de escolarización**

No mes de abril, a dirección do centro presentará a oportuna solicitude na Xefatura Territorial, previo informe da inspección educativa, acompañada da seguinte documentación:

- Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo Departamento de Orientación.
- Conformidade expresa dos pais ou titores legais do alumno.
- Certificación académica.
- Proposta de adaptación do currículo.

### **10.5. Atención educativa ao alumnado que por circunstancias diversas presenta dificultades para a asistencia a un centro educativo.**

- 1 Solicitude da medida a instancia dos seus pais ou titores legais.
- 2 Realización do programa individualizado de atención educativa.
- 3 Solicitude á xefatura territorial a través da inspección.

### **10.6. Grupo de adquisición de linguas.**

1. Avaliación inicial coa emisión dun informe sobre a competencia lingüística do alumno.
2. Infome psicopedagógico, se procede.
3. Proposta de horario de permanencia no grupo.

4. Información á familia
5. Solicitud de autorización á Inspección educativa por parte da dirección do centro.

## **11 PROCESOS DE SEGUIMIENTO AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN**

### **11.1. NIVEIS DE AVALIACIÓN**

A avaliación deste plan efectuarase a dous niveis:

- Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado que participou nas diferentes actuacións e medidas de atención á diversidade.
- Avaliación da concreción do plan anual de atención á diversidade.

### **11.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Os criterios de avaliación para determinar a calidade do plan de atención á diversidade serán:

- Adecuación do plan ás necesidades reais do centro.
- Logros acadados con respecto aos obxectivos previstos.
- Adecuación da temporalización.
- Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa.
- Nivel de colaboración e participación dos servizos externos ao centro.
- Grao de implicación dos responsables do seu desenvolvemento-

### **11.3. PROCESO DE SEGUIMIENTO**

O plan Xeral de Atención á Diversidade forma parte do proxecto educativo.

O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Ao comezo de cada curso escolar, os departamento de Orientación elaborará a proposta da concreción anual do Plan xeral de Atención á Diversidade, que debe formar parte da programación xeral anual.

O equipo directivo incorporará a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade á programación xeral anual, e velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

